



## **IX CONCURSO DE TAPAS DE ENTROIDO DE NARÓN**

O Concello de Narón organiza, a través da Concellería de Promoción Económica, unha nova edición do Concurso de Tapas de Entroido coa finalidade de dinamizar o sector e poñer en valor a calidade e bo facer dos establecementos hostaleiros da localidade.

O certame desenvolverase entre o 8 e o 15 de febreiro de 2024.

### **INSCRICIÓN E CONDICIÓNS**

-Poderán participar no concurso todos aqueles locais de hostalería situados no termo municipal de Narón

-Deberán formalizar a súa inscrición, para tal fin, entre o 26 de xaneiro e o 2 de febreiro, enviando os seus datos ao correo electrónico [me.mendez@naron.gal](mailto:me.mendez@naron.gal) ou ben chamando por teléfono, en horario de mañá, ao número 981 337 700 (extensión 1204). Os datos que é preciso aportar son:

- .Nome do local e dirección
- .Nome e número de teléfono da persoa de contacto
- .Nome da tapa
- .Ingredientes (indicando alérxenos)
- .Horario de servizo

Os establecementos participantes estarán abertos e en disposición de servir ao público a súa tapa no seguinte horario: de 13.00 a 15.00 e de 20.00 a 22.00h (respectando as súas horas e días habituais de libranza, que se especificarán na información sobre o certame).

O prezo de venda ao público da tapa será de 2€, sen incluír a bebida.

### **PARTICIPACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS**

Cada establecemento poderá presentar una única tapa ao concurso, que pode ser doce ou salgada, e na que se valorará o uso de produtos autóctonos e de tempada.

O Concello de Narón ocuparase da elaboración e distribución dos materiais promocionais do certame, que será tamén divulgado a través dos medios de comunicación.

Todos os establecementos participantes recibirán un cartel do concurso que deberán colocar nun lugar visible e destacado, así como 150 posavasos da campaña nos que irá impreso un QR dando acceso ao mapa de todos os locais participantes.

## **PREMIOS**

Para os establecementos, haberá dous premios en metálico:

-Premio do xurado profesional dotado con 500€+ delantal serigrafiado co nome do certame+ obsequio conmemorativo no que se indicará o posto acadado no certame

-Premio do xurado popular dotado con 300€+ delantal serigrafiado co nome do certame+ obsequio conmemorativo no que se indicará o posto acadado no certame

Todos os establecementos participantes recibirán un obsequio conmemorativo do concurso.

Entre o público que emita o seu voto sortearanse tamén tres ceas para dúas persoas por valor de 100€ cada unha delas nalgún dos establecementos participantes no certame. O prazo máximo para desfrutar da cea (cuxa data deberá acordarse co establecemento) remata o 15 de marzo de 2024.

## **XURADO E VOTACIÓN**

O concurso contará con un xurado popular, que serán todas as persoas maiores de idade que degusten as tapas e queiran votar. O cartel do certame terá en cada establecemento un código QR para que os clientes que o desexen poidan acceder a un sinxelo formulario no que valorarán o petisco dándolle entre un e cinco puntos. No mesmo formulario deberán incluír nome e número de teléfono, exclusivamente a efectos da súa participación no sorteo de premios. Desde cada local unicamente se poderá acceder ao formulario para votar esa tapa.

O premio do xurado popular decidírase a través da media das valoracións de cada tapa (puntuación total de cada unha delas entre número de persoas que votaron), tendo en conta que cada persoa, que quedará rexistrada no formulario, so poderá emitir un voto por local participante.

Ademais, o concurso de tapas de Entroido de Narón contará cun xurado profesional, formado por tres profesionais de recoñecido prestixio e experiencia no mundo da hostalería, do xornalismo gastronómico, bloggers e/ou entidades relacionadas co mundo da gastronomía.

Organizarase unha cata a cegas, nun espazo coas condicións axeitadas, ao que os hostaleiros deberán acudir coas súas tapas no día e hora establecidas.

O xurado degustará as tapas e outorgaralles de 1 a 5 puntos aos seguintes aspectos: presentación / sabor e aroma / elaboración e técnica / emprego de produtos de tempada.

O premio do xurado será para a tapa con máis puntos. Porén, en caso de empate, priorizarase aquela que obtivera maior puntuación en canto ao emprego de produtos de tempada. En caso de persistir o debate, o xurado deberá deliberar e decidir. O resultado farase constar nunha acta que se gardará en sobre pechado ata a finalización do concurso.

O público que vote as tapas entrará no sorteo de tres ceas, valoradas cada unha delas en 100€, a celebrar no establecemento que elixan entre os que participen no certame. Para realizar o sorteo outorgarase un número a cada persoa das que emitiron o voto e estes depositaranse nunha urna da que se extraerá o premiado nun acto público.

O Concello de Narón dará a coñecer os premios nun acto público e fixará a data de entrega.

## **PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos persoais facilitados a través dos formularios online de votación non serán utilizados para outros fins distintos aos propios do concurso, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Todos os datos de contacto dos clientes participantes no sorteo, así como os contidos nas fichas de inscrición dos locais participantes, serán destruídos despois do evento.

A organización poderá facer un seguimento e reportaxe gráfica do desenvolvemento do concurso, podendo utilizar ditas imaxes para fins divulgativos e publicitarios. O participante - cliente e establecemento- polo feito de selo, coñece e consente o uso dos seus datos persoais e a súa imaxe para os fins especificados.

## **ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación no certame leva implícita a aceptación destas bases.